

Texto: **JOSÉ ANTONIO LÓPEZ PARREÑO**

Ilustracións: **PABLO MESTRE**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a todo color.


Dispoñible en:

- Galego: "A ratiña presumida"  
Os contos do trasno. ISBN 978-84-8464-130-8
- Castelán: "La ratita presumida"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-154-4
- Castelán: "La ratita presumida"  
Makakiños. Versión BATA/Alicia Suárez  
ISBN 978-84-8464-234-3

Prezo: 13 €

## A RATIÑA PRESUMIDA

**Había unha vez unha ratiña que todas as mañás varría a súa casa e o portal.  
E sempre que barría, cantaba: *La, lará, larita... varro a casa...*  
Un día que estaba varrendo a casa, atopou unha moeda de ouro...**



Kalandraka presenta "A ratiña presumida" nunha orixinal adaptación do conto tradicional. Esta versión nace dun espectáculo de monicreques que José Antonio López "Rodorín" realiza dende hai máis de dez anos. Nel representa os personaxes do conto por medio de diferentes instrumentos musicais. Así, a ratiña é unha campaiña de timbre agudo, o touro un ruidoso cencerro e o galo uns alegres axóuxares. Diversos xogos de luces e sombras contribúen tamén a facer de "A ratiña presumida" moito máis que un conto.

Esta proposta transcorre nos escenarios da obra de títeres. Non só xoga cos instrumentos musicais que identifica cos personaxes, senón coa musicalidade e eufonía no texto. Trátase dun conto pensado para ser lido, contado e cantado. Tamén invita aos máis cativos a reinventar os contos de sempre a partir dos obxectos cotiás.

Existe ademais unha versión adaptada para nenos con necesidades educativas especiais, ilustrado por Alicia Suárez, a partir do texto adaptado pola Asociación BATA de tratamento do autismo para a colección Makakiños.

### JOSÉ A. LÓPEZ PARREÑO (Madrid, 1965)

Contacontos, especialista en monicreques, teatro de sombras e retablos de títeres. Traballou como profesor de educación primaria en colexios e granxas-escola. Dende hai máis de dez anos adícase a realizar actividades de animación á lectura,

primeiro co Grupo Rodari, e posteriormente en solitario co nome artístico de Rodorín. "A ratiña presumida" foi o seu primeiro libro publicado.

### PABLO MESTRE (Boicarent-Valencia, 1970)

Estudou Enxeñería Técnica e Deseño Industrial na Escola Superior de Deseño do CEU San Pablo. Foi responsable do deseño gráfico da Escola Gençana de Valencia. Colaborou con figuras relevantes da literatura infantil como Miguel Calatayud. "A ratiña presumida" foi o seu primeiro traballo como ilustrador.



- **Temática:** conto tradicional adaptado
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** representación simbólica dos personaxes, identificados como instrumentos musicais
- **Aplicacións:** títeres; musicalidade; reinventar os contos tradicionais; adaptado á colección Makakiños para nenos con necesidades educativas especiais